

# Xestión do alumado e outras infraestruturas en Nigrán

Publicado por picolino - 21-09-E 05:49:57

Unha pequena ollada á xestión do alumado e outras infraestruturas públicas no Concello de Nigrán.

Conceptos chave: alumado público, Nigrán, Praia Amárica, Panxón, Camos, Chandebrito, Parada, Ramallosa, Gondomar, pavimento empedrado, contaminación acústica, política enerxética.

O alumado eléctrico estradal está mal e inxustamente distribuído e deteriorado.

A falta de mantemento da rede de alumado público de Nigrán é un feito constatable por calquera que transite as súas rúas. O estado das instalacións de alumado estradal é deficiente. Unha parte importante das farolas non funciona axeitadamente, sendo habitual que as bombillas estean fundidas ou parpadeen indefinidamente. Por outra banda, a distribución dos puntos de luz é heteroxénea e non se adapta ás necesidades dos distintos núcleos de poboación do Concello. En moitas das estradas principais, que soportan o maior tránsito rodado da comarca, hai numerosos puntos escuros na calzada polas bombillas fundidas, como acontece por exemplo nas estradas que conflúen no centro da Ramallosa: avenida Manuel Lemos, avenida de Portugal (que comunica Nigrán co Concello veciño de Gondomar), estrada pola Vía-a. Tamén son chamativos os contrastes entre os lugares da comarca, pois as carencias que comentei non afectan curiosamente a todas as vías de igual maneira. Mentres que en vías importantes o alumado é insuficiente e está deteriorado, nas zonas máis turísticas, como nos paseos marítimos de Panxón e Praia Amárica, existe unha iluminación excesiva. Nalgúns lugares as farolas están espaciadas entre si apenas uns poucos metros, como ocorre na rúa cidade de Vigo, en Panxón. Máis graves todavía son as carencias de alumado que sofren os lugares de interior, os non costeiros, particularmente nas parroquias de Camos, Chandebrito e Parada, unhas zonas que a pesar de seren privilexiadas en moitos aspectos, son historicamente as máis grandes esquecidas na política local. Abonda dar unha volta de noite polas rúas e camiños destas parroquias para decatarse da aparencia descoidada que presentan. Naturalmente, as carencias tamén afectan a outras infraestruturas, como as estradas, o sistema de saneamento e a recollida de lixo.

Outras infraestruturas. Deficiencias e propostas para mellorar

As vías públicas das zonas rurais de Nigrán son na súa maioría camiños, todavía en bastantes casos en condicións pésimas para a circulación, cheos de buratos, gravillado. A maioría están a medio asfaltar, arranxados cos habituais parches de piche ou sinxelamente son camiños de terra. Sabido que o asfalto nestas vías estrégase en menos tempo pola presenza de diferentes axentes: terra e area dos campos, tránsito de animais, erosión debida á abundante vexetación. ¿Cómo se poderían acondicionar as vías rurais como se merecen?

En Portugal hai pobos de camiños empedrados con adoquís, coma os que atopamos en tantas cidades e pobos nos cascos vellos (Vigo, Gondomar, etc.). O pavimento de empedrado, lonxe de ser un sinal de atraso, semella unha boa alternativa fronte á moderno asfalto nas zonas rurais. Por unha banda adaptación mellor ás súas necesidades pola súa maior durabilidade e por outra respecta a concepción orixinal destes camiños, como paso entre as vivendas do lugar a velocidades moderadas e sen delimitación de carrís, o que contribúe a preservar certos aspectos da calidade de vida no rural, onde a contaminación acústica deberíase ser mínima. Deste xeito ningún tería que lamentarse dos conductores ruidosos amantes dos rallies rurais, que tanto abundan. Pola contra, quizais o principal inconvinte deste pavimento sexa o seu maior coste, unha inversión que, sen embargo, podería vir amortizada co tempo por parte dos Concellos. Naturalmente, todos sabemos que as políticas de conservación do patrimonio e optimización do gasto público (criterios de calidade, durabilidade, aforro de enerxía, inversións a longo prazo) non son habituais en Galicia, tanto menos canto máis descendemos á escala local. En Italia, debido a políticas enerxéticas equivocadas no pasado, o prezo da enerxía eléctrica e da gasolina é casi prohibitivo para os cidadáns e os Concellos. Resulta curioso ver que as farolas das rúas, por todas partes dunha cidade, teñen bombillas de aforro. ¿Imaxínase una situación así en Galicia, coa abundancia de enerxía que temos?

Continuará?

Senón Costas (ACREXOVAL)

# Xestión do alumado e outras infraestruturas en Nigrán

Hola a todos,

despois do que sae na prensa acerca da recollida do lixo en NigrÃ¡n, coido que deberiamos asistir Ã³ pleno do concello este venres onde, posiblemente se aprobarÃ¡ a duplicaciÃ³n da taxa por recollida do lixo neste concello.

Como non sexamos os veciÃ±os os que nos movamos e vexamos polo noso concello, IMOS APAÃ±ADOS.

=====